



**CIE** *Automotive*

## *Código de Conduta Profissional*

---

## Índice

1.	Introdución .....	3
2.	Obxectivos do Código de Conduta .....	3
3.	Ámbito de aplicación .....	3
4.	Pautas de Conduta .....	4
4.1	Actuación conforme á ética e legalidade. ....	4
4.2	Respecto ás persoas e á sociedade. ....	4
○	As persoas.....	4
○	Clientes .....	5
○	Sociedade .....	5
○	Accionistas .....	6
○	Sector.....	6
4.3	Saúde e seguridade .....	6
4.4	Relacións coa Administración e terceiros.....	7
○	Administracións Públicas e organismos reguladores .....	7
○	Prevenición da corrupción e do fraude .....	7
○	Agasallos e beneficios persoais .....	8
○	Conflitos de interese.....	8
○	Empresas asociadas de negocio .....	9
○	Provedores.....	9
○	Financiadores.....	9
4.5	Transparencia, integridade e confidencialidade da información .....	10
4.6	Obrigas tributarias e uso de fondos públicos .....	10
4.7	Uso de recursos e activos .....	11
4.8	Protección da información .....	12
4.9	Propiedade intelectual e industrial .....	12
5.	Interpretación.....	12
6.	Incumprimento.....	12
7.	Procedemento de xestión das notificacións e consultas relativas a irregularidades ou incumprimentos do Código de Conduta .....	13

## 1. Introducción

CIE Automotive, S.A. (en diante, “**CIE Automotive, S.A.**” ou o “**Grupo**”, indistintamente) é un grupo industrial especialista en procesos de alto valor engadido que desenvolve a súa actividade no negocio de compoñentes de automoción.

Os valores reitores da actuación de CIE Automotive, S.A. son os seguintes:

1. Orientación ao cliente externo e interno e actitude de servizo.
2. Respecto aos dereitos fundamentais das persoas, á súa capacidade de iniciativa, creatividade e innovación, á participación e ao traballo en equipo.
3. Capacidade de acadar obxectivos e valor engadido.
4. Actitude positiva ao cambio e á mellora continua.
5. Responsabilidade e integridade das persoas no seu compromiso polo traballo ben feito.
6. Respecto polo medio ambiente, traballando para minimizar calquera impacto.
7. Transparencia, facendo públicos todos os datos relevantes da nosa actividade.

Como complemento a estes valores básicos da actuación do Grupo, o Consello de Administración de CIE Automotive, S.A. entendeu conveniente aprobar unas pautas de conduta que formen o noso **Código de Conduta Profesional** (en diante, “**Código de Conduta**” ou “**Código**”, indistintamente). A través deste Código póñense de manifesto os valores corporativos que han guiar o noso comportamento como profesionais de CIE Automotive, S.A, así como as pautas de conduta e liñas xerais de actuación que haberán orientar a toma de decisións do Grupo.

## 2. Obxectivos do Código de Conduta

O obxectivo do Código de Conduta é **proporcionar unha guía deontolóxica e principios de actuación a todas as persoas conselleiras, directivas, empregadas e traballadoras de todas as compañías integrantes do Grupo** (en diante, “**as persoas**”), determinando os valores e compromisos que deben rexer a súa actividade laboral dentro do mesmo.

Así mesmo, esta edición do Código foi elaborada coa finalidade de asumir as **esixencias que demandan tanto os grupos de interese coma a sociedade en xeral**, para continuar sendo dignos receptores do compromiso e da confianza que estes depositaron no Grupo.

Dar unha resposta eficaz ás devanditas esixencias constitúe unha das claves da nosa reputación no mercado. Cada persoa da organización pode influír nela a través do xeito en que realiza a súa actividade e das relacións que establece no seu quefacer diario con estes colectivos. Por iso, depende de todas as persoas de CIE Automotive, S.A. consolidar esa reputación actuando con transparencia, obxectividade, integridade, responsabilidade, honradez e respecto.

O seu seguimento xeneralizado asegurará que os resultados se obteñan respectando as normas legais e de acordo cos principios e valores éticos que o Grupo quere conseguir e transmitir interna e externamente, converténdose nunha norma de obrigado cumprimento para todas as persoas que, de forma directa ou indirecta, actúen en nome e representación do Grupo.

## 3. Ámbito de aplicación

Este Código de Conduta resulta de obrigado cumprimento para todas as persoas integrantes do Grupo sen excepción. Todas as persoas teñen a obriga de coñecer e cumprir as presentes normas de conduta, e en ningunha xurisdición a ignorancia da lei exime do seu cumprimento.

Así mesmo, CIE Automotive, S.A. fomentará que as súas empresas asociadas comerciais (*joint-ventures*, empresas provedoras, clientes, contratistas e empresas colaboradoras) actúen de maneira acorde con este Código e apliquen programas éticos que sexan coherentes cos seus estándares. O Grupo tomará as medidas apropiadas no caso de existir a certeza de que no cumpriron coas súas políticas ou coas súas obrigas contractuais.

## 4. Pautas de Conduta

### 4.1 Actuación conforme á ética e legalidade.

CIE Automotive, S.A. manifesta publicamente o seu rexeitamento máis absoluto a calquera tipo de práctica ilícita e/ou delituosa, deixando expresa constancia de que tales prácticas están totalmente prohibidas, sen excepción nin límites, no seo da organización. Por iso, comprométese a desenvolver internamente a normativa e os procedementos internos que contribúan ao cumprimento da lexislación aplicable.

Todas as persoas que forman parte de CIE Automotive, S.A. deberán:

- ✓ Desempeñar a súa función na organización co estrito cumprimento da lexislación aplicable, e evitando calquera práctica que non sexa eticamente aceptable baixo estritos criterios de honestidade e integridade moral.
- ✓ Asumir, cumprir e respectar todas as políticas, procedementos e normativas do Grupo nos seus respectivos ámbitos de actuación.
- ✓ Actuar de xeito claro e transparente, asegurándose de que ningunha das súas actuacións poida ser susceptible de ser interpretada coma un engano.

Ademais, o Grupo está comprometido co cumprimento da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable aprobada pola Organización de Nacións Unidas en 2015 e por iso incorporou á súa estratexia empresarial os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.

### 4.2 Respecto ás persoas e á sociedade.

#### ○ As persoas

##### ✓ Unha contorna de traballo libre de acoso e discriminación

CIE Automotive, S.A. comprométese a manter unha contorna de traballo libre de calquera forma de acoso sexual ou doutra natureza, tanto se se trata de acoso por parte dunha persoa traballadora a outra, ou por parte dunha persoa traballadora a cliente ou provedor ou viceversa, e asume o compromiso de asegurar que todas as persoas sexan tratadas de forma equitativa e digna. Por conseguinte, non se tolerará ningunha práctica discriminatoria en función da raza, cor, sexo, idade, relixión, procedencia étnica ou xeográfica, discapacidade ou por calquera outra causa ilexítima. Con todo, a diferenciación das persoas en función das súas aptitudes ou calidades profesionais requiridas para un posto determinado non constitúe un caso de discriminación.

##### ✓ Respecto aos Dereitos Humanos

CIE Automotive, S.A., ademais de cumprir coa lexislación vixente que lle é aplicable en todos os territorios nos que desenvolve a súa actividade, comprométese a respectar os dereitos humanos internacionalmente recoñecidos, que abarcan os dereitos enunciados na Carta Internacional de Dereitos Humanos e os principios relativos aos dereitos

establecidos na Declaración da Organización Internacional de Traballo. Ademais, CIE Automotive, S.A. cumpre cos 10 principios do Pacto Mundial.

✓ **Conciliación laboral**

O Grupo respecta a vida persoal e familiar das persoas e promoverá as políticas de conciliación que faciliten o mellor equilibrio entre estas e as responsabilidades laborais do mesmo.

✓ **Igualdade de oportunidades**

Constitúe un principio básico para o Grupo fomentar e ofrecer as mesmas oportunidades no acceso ao traballo e na promoción profesional, promovendo unha cultura corporativa baseada no mérito.

○ **Cientes**

A política de CIE Automotive, S.A. consiste en ofrecer ás empresas cliente produtos e servizos de elevada calidade, a prezos adecuados e cumprindo os compromisos de prazos de entrega pactados.

Por iso, todas as relacións profesionais que se establezan deben estar fundadas na confianza e no respecto mutuo. De conformidade con este principio, as actuacións e decisións realizaranse conforme aos requisitos procedementais, estándares e criterios obxectivos, actuando sempre de maneira imparcial e íntegra, evitándose a adopción de decisións non xustificadas ou arbitrarias que atenten contra a igualdade de oportunidades. Todo iso, tendo como obxectivos a consecución dos máis altos niveis de calidade, a excelencia na prestación do servizo e o desenvolvemento a longo prazo dunhas relacións baseadas na confianza e respecto mutuo.

Nas relacións contractuais coas empresas cliente propiciarase a transparencia e a información suficiente, veraz, oportuna e adecuada.

○ **Sociedade**

✓ **Doazóns e proxectos de contido social**

CIE Automotive, S.A., no seu compromiso co progreso e o benestar das comunidades coas que se relaciona, contribúe activamente ao seu desenvolvemento mediante doazóns e proxectos de contido social e cultural.

Toda doazón deberá de contar coas autorizacións precisas e quedar reflectida nos rexistros contables do Grupo, estando totalmente prohibida a realización de doazóns ou achegas financeiras de calquera clase a organizacións dedicadas ou, dalgún xeito, vinculadas coa realización de actividades ilícitas.

✓ **Respecto polo medio ambiente**

O respecto e a protección do medio ambiente son valores fundamentais aos que CIE Automotive, S.A. adhírese, tendo que cumprir en todo momento a lexislación medioambiental aplicable en cada un dos países nos que opera, e comprométese a conducir as súas actividades de xeito que se minimicen os impactos medioambientais negativos.

Como consecuencia do anterior, todas as persoas que integran o Grupo deberán respectar o medio ambiente, facendo un uso racional dos recursos naturais, e poñendo todos os mecanismos de control ao seu alcance para minimizar o impacto ambiental derivado dos diferentes procesos da actividade industrial de CIE Automotive, S.A.

#### ✓ Construción

En CIE Automotive, S.A. comprometémonos cunha ordenación sustentable. Neste sentido, comprometémonos a levar a cabo as nosas obras de construción de acordo coa lexislación vixente.

Polas razóns expostas, todas as persoas debemos asegurarnos de que as obras de construción, que poidan promoverse, axústanse á normativa, tanto de carácter local ou municipal como provincial, autonómica ou estatal.

#### ✓ Loita contra o contrabando

Desde CIE Automotive, S.A. comprometémonos a respectar a lexislación e normativa vixentes en materia de importación e exportación de produtos, promovendo boas prácticas de actuación entre todas as persoas.

#### ○ Accionistas

O propósito de CIE Automotive, S.A. é a creación continua e de forma sostida de valor para todo o accionariado e a conciliación dos intereses de todos os compoñentes do accionariado.

CIE Automotive, S.A. comprométese a fornecer a información adecuada a todo o accionariado, de forma transparente, completa, veraz e exacta, e a establecer ferramentas dinámicas de comunicación co devandito grupo.

A actuación das persoas que integran CIE Automotive, S.A. estará dirixida a protexer e maximizar o valor dos investimentos do noso accionariado, obtendo unha rendibilidade razoable ao devandito investimento.

#### ○ Sector

CIE Automotive, S.A. comprométese a cumprir rigorosamente a lexislación en materia de defensa da competencia. Así mesmo, o Grupo comprométese a acadar os seus obxectivos empresariais por medios éticos, lexítimos, e legalmente irreprochables, e a aplicar un réxime de competencia xusto e equitativo, cumprindo sempre as normas xurídicas que lle sexan de aplicación.

CIE Automotive, S.A. non participará en conversas, acordos, convenios, proxectos ou alianzas, con competidores actuais ou potenciais, en materia de prezos, condicións comerciais, ofertas, repartición de mercados ou de calquera outra actividade que restrinxa ou poida restrinxir a competencia libre e aberta.

### 4.3 Saúde e seguridade

CIE Automotive, S.A. mostra o seu firme compromiso no cumprimento da normativa e os protocolos internos establecidos en materia de seguridade e saúde, velando pola protección de cantas persoas poidan verse afectadas pola actividade do Grupo.

Neste sentido, o Grupo conduce as súas actividades tratando de acadar un alto nivel de seguridade nos seus procesos, instalacións e servizos, prestando especial atención á protección non só das persoas que forman parte do Grupo, senón tamén dos socios e socias, contratistas, empresas proveedoras, clientes e contorna local. Ademais, adopta as medidas preventivas establecidas na lexislación vixente de cada país e asume o compromiso de que todas as persoas que deban de realizar unha prestación laboral nas súas instalacións e centros de traballo fágano nas mellores condicións de seguridade e saúde.

CIE Automotive, S.A. dota a todas as persoas dos recursos e a formación necesarios para que poidan desempeñar as súas funcións con seguridade e nunha contorna saudable. Pola súa banda, todas as persoas que desempeñen as súas funcións nos centros de CIE Automotive, S.A. (xa sexa persoal propio ou subcontratado) teñen a obriga de coñecer e cumprir as normas relativas á seguridade e saúde no traballo co obxectivo de previr e minimizar os riscos laborais.

Por último, nas dependencias da compañía está prohibida a fabricación, consumo, compra, venda, tráfico ou posesión de substancias tales como bebidas alcohólicas, estimulantes, substancias narcóticas ou outros estupefacientes.

#### 4.4 Relacións coa Administración e terceiros

##### ○ Administracions Públicas e organismos reguladores

As relacións profesionais que estableza CIE Automotive, S.A. con calquera organismo público, oficial, autoridades ou os seus representantes, tanto nacionais como internacionais, deberán estar presididas polo principio de respecto institucional, transparencia, integridade, colaboración e cumprimento ético.

Desde o Grupo foméntase a máxima colaboración e dilixencia de todas as persoas en cantas inspeccións, requirimentos ou intervencións se estimen necesarias por parte das Administracions Públicas.

CIE Automotive, S.A. manifesta a súa neutralidade política e declara que non financia, directa nin indirectamente, nin en España nin no estranxeiro, a partidos políticos nin aos seus representantes ou candidatas e candidatos. Todas as persoas que desexen participar en actividades de natureza política ou pública deberán facelo a título exclusivamente persoal e fóra do horario laboral.

Como norma xeral, os pagamentos facilitadores a funcionarios e autoridades públicas están prohibidos. Con todo, tendo en conta de que baixo determinadas xurisdicións os pagamentos facilitadores poden ser considerados de natureza lícita en función do país concreto en que nos atopemos, a súa posible realización deberá consultarse previamente coa Comisión de Responsabilidade Social Corporativa.

##### ○ Prevención da corrupción e do fraude

CIE Automotive, S.A. prohíbe tallantemente calquera comportamento ou práctica de corrupción, suborno ou tráfico de influencias en relación con clientes, empresas provedoras, socios e socias comerciais e persoal funcionario ou institucións públicas, nacionais ou internacionais, incluíndo as relativas ao branqueo de capitais.

Por iso, as persoas que integran CIE Automotive, S.A. na súa relación con terceiros non poden ofrecer nin aceptar agasallos nin atencións que vaian máis aló do puramente simbólico ou que puidesen ser interpretadas como un intento de influír indebidamente nunha relación comercial, profesional ou administrativa.

Non se inclúen na devandita prohibición os gastos ou atencións que se poidan considerar habituais ou usuais no mercado, en importes razoables tendo en conta a súa natureza, frecuencia e contía. En todo caso, deberán ser autorizados polo superior xerárquico.

Igualmente, non está permitida a entrega directa ou indirecta de agasallos, atencións ou vantaxes a representantes públicos co obxectivo de que exerzan a súa influencia a favor de CIE Automotive, S.A. Así mesmo, queda totalmente prohibido prevalecerse dunha relación persoal co obxectivo de influír indebidamente nunha autoridade ou funcionariado.

Non só está prohibido ofrecer, prometer ou entregar algo de valor senón tamén pedilo, aceptalo ou recibilo como contraprestación pola realización ou a non realización dalgunha actuación en beneficio ou como vantaxe para calquera terceiro.

Dentro do ámbito destes delitos tamén se incluírían outras condutas tales como:

- **Pagamentos "encubertos":** cando é unha terceira parte quen recibe algo de valor que de feito vai dirixido a unha persoa funcionaria, e a terceira parte serve de conduto para que ese algo de valor sexa entregado finalmente á persoa funcionaria.
- **Pagamentos para axilizar trámites (pagamentos facilitadores):** pequenos pagamentos que o persoal funcionario pode esixir para axilizar ou garantir o cumprimento das súas funcións normais. Estes pagamentos son comúns nalgúns países, aínda que con carácter xeral están estritamente prohibidos por CIE Automotive, S.A., polo que, no caso de que se dea esta circunstancia, a súa posible realización deberá consultarse previamente coa Comisión de Responsabilidade Social Corporativa.

Calquera acordo con terceiras partes do que se derive calquera obriga de pagamento para unha sociedade do Grupo deberá constar por escrito, describíndose de maneira suficiente o servizo de que se trate, e contar coa autorización da persoa que corresponda de acordo cos sistemas e procedementos da devandita sociedade.

Calquera pagamento que deba realizar a sociedade deberá efectuarse mediante cheque nominativo ou transferencia bancaria, quedando expresamente prohibidos os pagamentos en metálico ou mediante cheque ao portador sen recibo que o acredite. O uso destas dúas últimas modalidades de pagamento ha ser o mínimo posible e reducido a importes non significativos.

Queda expresamente prohibido calquera pagamento, directo ou indirecto, de comisións ou calquera outra forma de retribución co obxecto de obter pedidos ou conseguir calquera vantaxe comercial. Exceptúanse do anterior os pagamentos a axentes comerciais ou representantes de CIE Automotive, S.A. efectuados como consecuencia do desenvolvemento da súa actividade para o Grupo, sempre dentro da legalidade vixente.

#### ○ **Agasallos e beneficios persoais**

En ningún caso poderanse aceptar agasallos monetarios ou en especie, préstamos, beneficios individuais ou actuacións de terceiras persoas físicas ou xurídicas relacionadas coas actividades de CIE Automotive, S.A. que poidan provocar unha perda da independencia e da ecuanimidade nas relacións cos diferentes grupos de interese.

Entenderase dentro da categoría de agasallo calquera elemento relacional vantaxoso de maneira individual como obsequios non institucionais, comisións ou promesas profesionais.

#### ○ **Conflitos de interese**

As decisións e accións profesionais deben ter como base o beneficio de CIE Automotive, S.A., e non deben estar motivadas por consideracións ou relacións persoais.

Os conflitos de intereses aparecen cando os intereses persoais das persoas que forman parte de CIE Automotive, S.A., de maneira directa ou indirecta, son contrarios ou entran en conflito cos intereses do Grupo, interfíren o cumprimento dos seus deberes e responsabilidades profesionais, ou involúcras a título persoal nalgunha transacción ou operación económica do Grupo.

Para ese efecto, calquera persoa que entenda que se atopa potencialmente nunha situación de conflito de interese por mor doutras actividades fóra do Grupo, das súas relacións familiares o



do seu patrimonio persoal ou por calquera outro motivo deberá comunicalo de maneira inmediata ao departamento de Recursos Humanos ou ao Departamento de Cumprimento, para o efecto de que este analice a existencia ou non do devandito conflito e, no seu caso, exclúa á persoa de calquera intervención no asunto en relación co cal exista un conflito de interese.

Así mesmo, quen ocupe as Consellerías Executivas e as persoas vinculadas (terán consideración de persoas vinculadas o cónxuxe ou as persoas con análoga relación de afectividade, os ascendentes, descendentes e irmáns e irmás do propio persoal e do seu cónxuxe, os cónxuxes de ascendentes e descendentes e as sociedades controladas, directa ou indirectamente, pola persoa empregada ou interposta) por unha relación laboral con CIE Automotive, S.A. non poderán realizar, por conta propia ou allea, tarefas, traballos ou prestar servizos en beneficio de empresas do sector ou de empresas que desenvolvan actividades susceptibles de competir directa ou indirectamente coas de CIE Automotive, S.A.

Toda persoa que forme parte de CIE Automotive, S.A. que teña relacións patrimoniais, xa sexa directamente ou a través de parentesco, con empresas provedoras, clientes e/ou competidoras, deberá poñelo en coñecemento do departamento de Recursos Humanos ou do Departamento de Cumprimento mediante o Anexo I.

#### ○ **Empresas asociadas de negocio**

As alianzas estratéxicas permiten a CIE Automotive, S.A. un mellor coñecemento e adaptación ao mercado local. As empresas asociadas son seleccionadas tras a realización das correspondentes *due diligence* dentro dun proceso de selección obxectivo e imparcial.

As persoas que forman parte de CIE Automotive, S.A. deben cumprir coa normativa interna referente á selección de socios e socias de negocio, axudarlles a coñecer as expectativas do Grupo e a actuar segundo a normativa aplicable, comunicar calquera sospeita sobre unha empresa asociada comercial respecto á posibilidade de que poida non estar a cumprir os estándares do Grupo ou as súas obrigas contractuais, e cooperar con todas as auditorías e investigacións nas que estean implicadas.

#### ○ **Provedores**

As relacións coas empresas provedoras de CIE Automotive, S.A. baséanse nunhas condicións mutuas de respecto e igualdade de oportunidades.

Por iso, os procesos de selección de empresas provedoras, contratistas e colaboradoras de CIE Automotive, S.A. desenvolveranse con imparcialidade e obxectividade, para o que se deberán aplicar criterios de calidade, custo e responsabilidade social, evitando calquera conflito de interese ou favoritismos na súa selección.

O Grupo esixirá ás súas empresas provedoras que asinen o “Compromiso de Responsabilidade Social dos Provedores”. Así mesmo, promoverá o desenvolvemento de auditorías que puidesen ser necesarias para identificar e corrixir deficiencias ou debilidades nos sistemas de control interno das empresas provedoras, contratistas e colaboradoras.

#### ○ **Financiadores**

CIE Automotive, S.A. comprométese a negociar as mellores condicións de acordo coas necesidades de investimento e as condicións do mercado, sendo o financiamento e os recursos económicos destinados aos proxectos proporcionais e adecuados á natureza do proxecto, e cumprirá rigorosamente as condicións establecidas nos contratos de financiamento.

## 4.5 Transparencia, integridade e confidencialidade da información

Todas as persoas que integran CIE Automotive, S.A. deben de actuar de forma clara e transparente, e velar pola fiabilidade e rigor da información financeira e non financeira, tanto a de uso interno como a que se fornece ao mercado, proporcionando información veraz, completa, comprensible e puntual.

Ningunha persoa de CIE Automotive, S.A. proporcionará de maneira intencionada información incorrecta, inexacta ou imprecisa que poida inducir a erro a quen a recibe, e/ou que poida afectar o valor bolsista do Grupo.

Con este obxectivo, a continuación, descríbense unha serie de normas específicas dirixidas a todas as persoas que participan no proceso de elaboración da información **financeira e non financeira** de CIE Automotive, S.A.:

- ✓ Actuar con honestidade e dilixencia no proceso de elaboración da información.
- ✓ Garantir que toda a información rexistrada deriva de transaccións e operacións efectivamente realizadas e que se recolleron no intre adecuado.
- ✓ Garantir que a información se rexistra con exactitude, reflectindo fielmente a totalidade das operacións.
- ✓ Rexistrar e elaborar a información de acordo coas leis e regulacións que sexan de aplicación, e no caso da información financeira, baixo os principios de contabilidade xeralmente aceptados.
- ✓ Cumprir coas políticas e procedementos do Grupo e seguir un sistema eficaz de control interno.
- ✓ Actualizar e manter todos aqueles coñecementos que sexan necesarios para o desempeño das actividades desenvolvidas no proceso de elaboración da información.
- ✓ Corrixir ou informar para a súa corrección de calquera erro que se detecte que afecte a fiabilidade da información.
- ✓ Informar segundo proceda á Comisión de Auditoría e Cumprimento ou á Comisión de Responsabilidade Social Corporativa, dependentes ambas as do Consello de Administración de CIE Automotive, S.A., sobre calquera situación que supoña un incumprimento das normas aquí recollidas.

O cumprimento das normas aquí descritas non exime do cumprimento do resto de pautas recollidas no Código de Conduto.

As persoas non deben incorrer no uso inadecuado de información privilexiada, non deben utilizala nin en beneficio propio, nin no de terceiros. En particular, ata que non sexa difundida publicamente a información sobre os resultados financeiros de CIE Automotive, S.A., as súas actividades, os seus plans, os seus contactos, as súas presentacións de produtos ou as operacións que ten previsto realizar, considérase información privilexiada que pertence ao Grupo e é confidencial.

Só as persoas autorizadas poden ter contacto cos analistas e a prensa. Calquera información que se entregue aos medios de comunicación que sexa de carácter financeiro ou dunha natureza tal que podería influír na opinión das persoas destinatarias sobre o valor da compañía debe ser aprobada previamente por unha persoa autorizada.

## 4.6 Obrigas tributarias e uso de fondos públicos.

CIE Automotive, S.A. asegura o cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social, que lle sexan de aplicación de conformidade coa lexislación vixente (presentación de declaracións de impostos, pagos de tributos, rexistro das operacións suxeitas a tributación, pagamento de cotas de Seguridade Social, etc.).

En consecuencia, está prohibida a ilícita elusión de pagamentos, ou a obtención de beneficios indebidos, en prexuízo da Facenda Pública por conta do Grupo; así como a elusión do pagamento de cotas á Seguridade Social e conceptos de recadación conxunta, a obtención indebida de devolucións das mesmas ou o goce de deducións indebidas por calquera concepto.

Por outra banda, está expresamente prohibida a solicitude, en nome de CIE Automotive, S.A., de subvencións, desgravacións ou axudas das Administracións Públicas, falseando datos ou condicións de calquera tipo en beneficio de CIE Automotive, S.A. Se a devandita actuación fose proposta directamente por unha persoa funcionaria ou autoridade pública, deberá ser rexeitada e comunicada de inmediato ao superior xerárquico.

CIE Automotive, S.A. deberá operar baixo un marco de transparencia e veracidade especificamente na solicitude, aplicación e xustificación de subvencións, fornecer en todo caso información que sexa veraz e precisa, e realizar un seguimento do destino da subvención solicitada. Así mesmo, está prohibido destinar unha subvención ou fondo público a un fin distinto para o que foi concedido/a.

## 4.7 Uso de recursos e activos

Todas as persoas que forman CIE Automotive, S.A. teñen a responsabilidade e o compromiso de protexer os activos do Grupo fronte aos danos, perdas, roubos ou usos indebidos.

Os activos que o Grupo pon á disposición das persoas que o integran non se utilizarán para uso persoal ou extraprofesional e/ou para actividades que no estean relacionadas directamente cos intereses do Grupo.

### ✓ Disposición de activos

As persoas que integran CIE Automotive, S.A. deberán velar pola integridade dos activos do Grupo no desempeño das súas funcións, de cara a preservalos e non prexudicar a posibles acredores.

A tal fin, protexerán e coidarán os activos dos que dispoñan ou aos que teñan acceso no exercicio das súas funcións e utilizaranos de forma adecuada á finalidade para a que foron entregados. En particular, está prohibido o alleamento, transmisión, cesión, ocultación, etc. de calquera ben titularidade de CIE Automotive, S.A., que se poida levar a cabo coa finalidade de eludir o cumprimento das súas responsabilidades fronte a entidades acreedoras.

### ✓ Uso de medios electrónicos

En particular, sen prexuízo doutras normas e prohibicións contidas nas instrucións de uso específicas de cada dispositivo, as persoas que forman parte de CIE Automotive, S.A. deben facer un uso responsable dos recursos e dos medios informáticos postos á súa disposición, que se axuste a criterios de seguridade e eficiencia, excluindo calquera uso, acción ou función informática que sexa ilícita, ou contraria ás normas ou instrucións de CIE Automotive, S.A.

Así mesmo, está prohibido instalar ou utilizar programas ou aplicacións cuxa utilización sexa ilegal, que non contén coa pertinente licenza de uso ou que poidan danar, destruír, alterar, inutilizar ou prexudicar os sistemas de CIE Automotive, S.A ou de terceiras partes.

Cando no desempeño das súas funcións as persoas deban acceder á aplicación ou sistema informático dunha terceira parte deberán acatar as normas de uso establecidas para ese efecto pola devandita parte, estando totalmente prohibido o acceso non autorizado a sistemas informáticos alleos.

## 4.8 Protección da información

As persoas que forman CIE Automotive, S.A. teñen a obriga de manter estrita confidencialidade en relación coa información obtida como consecuencia do seu exercicio profesional, salvo con consentimento das persoas interesadas e nos casos nos que estivesen obrigados como consecuencia dunha obriga legal ou resolución xudicial ou administrativa. En ningún caso os devanditos datos poderán ser tratados para fins distintos dos legal ou contractualmente previstos.

A obtención, conservación, utilización ou comunicación a terceiras partes de datos persoais deberá de efectuarse de modo que sexa respectuoso coa persoa e conforme coas disposicións legais.

A obriga de confidencialidade subsistirá, aínda que as persoas deixen de prestar servizos ou estar vinculadas co Grupo. En especial, o Consello de Administración de CIE Automotive, S.A. e das súas sociedades dependentes atenderán ao deber de confidencialidade intrínseco ao seu cargo, na medida que realicen actividades, funcións e competencias en nome, representación, por conta ou en beneficio do Grupo.

En canto aos datos de carácter persoal, CIE Automotive, S.A. pon especial coidado en asegurar o dereito á intimidade protexendo os datos persoais confiados polas súas persoas empregadas, clientes, socios e socias, empresas proveedoras, colaboradoras, contratistas, institucións e público en xeral.

Neste sentido, todas as persoas están obrigadas a respectar e cumprir as normativas de protección de datos e a contribuír de forma activa a garantir que os datos persoais non sexan accesibles por terceiros.

## 4.9 Propiedade intelectual e industrial

Todas as persoas que forman parte de CIE Automotive, S.A. deben respectar e preservar os dereitos de propiedade intelectual e industrial, tanto propios (cuxo titular sexa o Grupo ou cuxo uso teña cedido por calquera título) como de terceiras partes.

En consecuencia, está prohibido realizar copias de patentes, deseños industriais rexistrados e/ou signos distintivos cuxo titular sexa unha terceira parte; así como reproducir, plaxiar, distribuír ou comunicar publicamente unha obra literaria, artística ou científica, sen a autorización das persoas titulares dos correspondentes dereitos de propiedade intelectual.

## 5. Interpretación

---

Calquera dúbida que poida derivarse da interpretación do presente Código de Conduta será resolta pola Dirección de Recursos Humanos da empresa de que se trate.

Para o adecuado exercicio da facultade de supervisión da Comisión de Responsabilidade Social Corporativa, a Dirección de Recursos Humanos en coordinación co departamento de Cumprimento deberá remitir anualmente á devandita Comisión un informe sobre a aplicación do presente Código de Conduta e decisións adoptadas en canto á súa interpretación. A Comisión de Responsabilidade Social Corporativa poderá establecer criterios xerais de interpretación.

## 6. Incumprimento

---

Ningunha persoa que forma parte de CIE Automotive, S.A. está autorizada a incumprir as pautas e disposicións deste Código de Conduta, nin sequera como resposta á orde de alguén superior

xerarquicamente. O incumprimento das normas do presente Código de Conducta dará lugar á aplicación das sancións que correspondan consonte a lexislación aplicable.

A Comisión de Responsabilidade Social Corporativa, dependente do Consello de Administración de CIE Automotive, S.A. é responsable de supervisar a debida execución do Código de Conducta.

## 7. Procedemento de xestión das notificacións e consultas relativas a irregularidades ou incumprimentos do Código de Conducta

---

CIE Automotive, S.A. estableceu o procedemento de xestión das notificacións e consultas relativas a irregularidades ou incumprimentos do Código de Conducta co obxecto de fomentar o cumprimento do mesmo, así como das normas que o desenvolven.

CIE Automotive, S.A. facilita a todas as persoas que forman parte da organización e aos seus grupos de interese consultar dúbidas e notificar irregularidades ou incumprimentos que falten á ética, á integridade ou atenten contra as pautas establecidas no Código de Conducta, a través das seguintes canles co seu respectivo Regulamento:

- Canle ética electrónica: [canaletico@cieautomotive.com](mailto:canaletico@cieautomotive.com)
- Correo postal dirixido ao Departamento de Cumprimento no seguinte enderezo:  
Alameda Mazarredo 69, 8º. C.P. 48009 Bilbao (Bizkaia), España.
- Información e unha canle de comunicación na intranet e na web corporativa.

Toda notificación ou consulta poderá realizarse de maneira anónima, e deberá incluír a descrición da mesma. A tramitación das notificacións e consultas corresponde ao Departamento de Cumprimento, e serán estudadas e tratadas de xeito confidencial. Os datos de quen interveña serán xestionados de acordo co establecido nas leis aplicables para a protección de datos do país de que se trate.

Non se tolerarán represalias cometidas contra quen fixese uso, de boa fe, da canle ética para poñer en coñecemento posibles irregularidades. A existencia da canle ética enténdese sen prexuízo de calquera outros mecanismos que se considere oportuno crear para permitir a comunicación de irregularidades de potencial transcendencia.

## ANEXO I

DE CIE AUTOMOTIVE, S.A.

*[Ou sociedade do grupo de que se trate]*

A/A Director/a / Responsable do Departamento de Recursos Humanos da Planta/División e do Departamento de Cumprimento.

En *[lugar]*, a *[data]*

D. / Dna.: \_\_\_\_\_

de CIE Automotive, S.A. *[ou da sociedade do grupo de que se trate]*, declaro que coa empresa provedora/cliente/competidora:

\_\_\_\_\_ úneme a condición de (\*) \_\_\_\_\_ o que comunico para os efectos oportunos.

*[sinatura]*

- \*Propietario/a
- \*Accionista
- \*Parentesco